





sumario

CALENDARIO ESCOLAR 07/08	2
EDITORIAL	3
NOVAS INSTALACIÓNS	4
	
MÁIS MOTIVACIÓN E ... Por ISABEL BELLO	5
ALGO SOBRE O NADAL por MARÍA JOSÉ MANSILLA	6
ESTIMULAR A LINGUAXE por MARÍA ALONSO FACHADO	6
AS TIC NA EDUCACIÓN por MARITA VILAR	7
CLIMANTICA	8
CARREIRA PEDESTRE	8
VISITA A ALEMAÑA	10/16
EXCURSIÓN AO RÍO SARELA	11
	
O MAGOSTO	12/13
EDUCACIÓN INFANTIL	14
NOCTURNA / CINENSINO	15
A GRANXA DE MARCELLE / AGRICULTURA ECOLÓXICA	16
FONTES E LAVADOIROS	17
	
BANZO DIXITAL	17
A PESCA	18
A GRANXA DO QUEIXO / MÚSICA DE VENTO / BOAS NOITES	19
SEGURIDADE VIAL / GOLULÁ	20
O RECANTO DO LECTOR / O RECANTO DO PINTOR	21
O RECANTO DO ESCRITOR	22
ANPA "A FERRADURA"	23



Felices festas

Creado o observatorio para a convivencia escolar

No consello escolar celebrado o día 13 de novembro acordouse constituir o observatorio para a convivencia escolar tal e como recolle o Decreto 85/2007, do 12 de abril (DOG do 8 de maio). Forman parte de este observatorio catro profesores/as, un pai/nai, a xefa de estudos, un representante do persoal non docente e o director, todos eles pertencentes ao Consello Escolar. Terán como funcións as seguintes:

- Dinamizar o Plan da Convivencia do centro
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia
- Informar trimestralmente ao consello escolar.
- Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia..
- Propoñer á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia..

editorial

Antonio Fernández Regos
Director



Comezamos un novo Curso escolar e, en primeiro lugar damos a benvida a todas as alumnas e alumnos que se incorporaron este ano no noso centro, así como tamén a todas as Profesoras e Profesores.

É para todos nos un motivo de leducia e satisfacción comunicarnos de novo con todos vos por medio deste noso xornal "BANZO", xa que cremos que é coma unha porta aberta a todos: alumnas/os, nais/pais e profesoras/es. Fainos moita ilusión volver a contactar con todos e todas neste primeiro xornal deste curso académico no que intentamos que participen a maior parte dos alumnos cos seus contos, traballos, saídas, etc., animamos a toda a comunidade educativa a colaborar nel, aproveitar estas páxinas para informar de todo aquilo que pode interesarnos, ser creativos, e saír da mediocridade, ser valentes e intentar entre todos mellorar a nosa convivencia e o noso traballo.

Aquí podemos opinar, discutir, compartir ideas sobre a ensinanza, a reforma educativa, as diferentes viaxes e saídas dos nosos alumnos e alumnas, a ecoloxía, consumo, deporte, actividades realizadas no centro e fora do centro, ... Penso que temos nas nosas mans o instrumento mellor para unha formación en todos os aspectos e sería unha pena non aproveitala.

Queremos acadar entre todos un ambiente de respecto, de consenso, de colaboración e de confianza que nos permita avanzar xuntos en todos os aspectos da educación e nos enriqueza como persoas, é esta unha tarefa e responsabilidade de todos e todos.

Esperamos que nestas datas que se aveciñan, moi especiais, todo o alumnado poña en práctica os valores que se lle foron inculcando día a día: amizade, amor, tolerancia, convivencia, colaboración, ...

A xenerosidade é una virtude que tedes que vivir e transmitir, dende pequenos, para que cando sexades maiores sexa en vos una costume habitual e vos sentiredes moi ledos e orgullosos do voso comportamento.

Recibide os nosos mellores desexos para o novo ano 2008 e disfrutade coas vosas familias...

Publicidade



MAYSO

Tel. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA

e-mail: maysolibreria@mundo-r.com
www.maysopapereria.com.es

MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA
XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS



abraxas



AULA 25. Santiago de Chile 25. CP 15702. Tlf 981593655
AULA 25 D.E. Salvadas 37 baixo. CP 15705. Tlf 981554158
ABRAXAS. Rua Nova de Abaixo 3. CP 15706. Tlf 981592030
ABRAXAS. Montero Rios 50. CP 15706. Tlf 981580377